

MESA REDONDA
ACHEGAS DA ESTATÍSTICA PÚBLICA Á SOCIEDADE GALEGA
Que temos e que podemos mellorar?

Participantes

Ángel Tarrío Tobar (Consellería de Facenda)
José Antonio Neira Cortés (Confederación de Empresarios de Galicia)
María Isolina Santiago Pérez (Consellería de Sanidade)
Carlos Punzón (La Voz de Galicia)

Moderadora

Esther López Vizcaíno (Instituto Galego de Estatística)

RESUMO

O ano 2013 é o Ano Internacional da Estatística e un dos seus obxectivos é aumentar a conciencia pública sobre o poder e o impacto das estatísticas sobre todos os aspectos da nosa sociedade. Tendo en conta esta idea xeral o obxectivo desta mesa redonda é facer unha revisión do que aportou a estatística pública aos distintos segmentos da sociedade galega. Por esta razón, na mesa redonda contarase tanto con produtores (IGE, Consellería de Sanidade) coma con usuarios das estatísticas (Consellería de Sanidade, La Voz de Galicia, Empresa) a partir dos cales se poderá ter unha visión do que se ten dispoñible ata o momento e aquilo no que hai que profundar para satisfacer as necesidades da sociedade galega.